



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 20 de agosto de dous mil dezaoto ; as dez horas e quince minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , D Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta e un de xullo de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 326/2018 RIB / N/19.2/18

Visto o escrito presentado por **Dona Marta Parente Guisado e don Vicente Soto Rey**, onde solicita Licenza de Obras para reforma e ampliación de vivenda na Rúa Loureiro 26,Francelos ,segundo Proxecto Básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda, redactado polo arquitecto D Roberto Rodríguez Martínez, colexiado nº 1053, e visado polo COAG con data 02 de febreiro de 2018 e “ Anexo ó proxecto básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda” redactado polo mesmo arquitecto.

Consta Proxecto Básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda, redactado polo arquitecto D Roberto Rodríguez Martínez, colexiado nº 1053, e visado polo COAG con data 02 de febreiro de 2018 e “ Anexo ó proxecto básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda” redactado polo mesmo arquitecto.

Consta Resolución sobre actuación que afecta ao contorno de protección dun ben incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia de data 28/06/2018 da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 13 de agosto de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 13 de agosto de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzia a Dona Marta Parente Guisado e don Vicente Soto Rey, para reforma e ampliación de vivenda na Rúa Loureiro 26, Francelos, segundo Proxecto Básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda, redactado polo arquitecto D Roberto Rodríguez Martínez, Colexiado nº 1053, e visado polo COAG con data 02 de febreiro de 2018 e “Anexo ó proxecto básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda” redactado polo mesmo arquitecto.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Reforma e ampliación de vivenda.

Contía na que se orzan as obras: 100.117,00 €

Situación e emprazamento das obras: Rúa Loureira nº 26, Francelos.

Nome ou razón social do promotor: D^a Marta Parente Guisado, D Vicente Soto Rey.

Director de Obra: D Roberto Rodríguez Martínez.

Dirección de execución das obras e coordinación seguridade e saúde: D^a Noelia Tapias Meiriño

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 12/02/2018, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 2.603.04 euros, *non procede a práctica de liquidación complementaria.*

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras axustaranse ao Proxecto Básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda, redactado polo arquitecto D Roberto Rodríguez Martínez, Colexiado nº 1053, e visado polo COAG con data 02 de febreiro de 2018 e “ Anexo ó proxecto básico e de Execución Reforma e Ampliación de vivenda” redactado polo mesmo arquitecto.

-Deberá constituir un aval económico , coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público unha vez rematadas as obras por importe de 1.000,88 euros.

Na execución das obras estarase ao disposto na Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria , de data de firma de 28 de xuño de 2018:

Nos muros de pedra ou rexuntados ou cintados non variarán as cualidades da fábrica existente tradicional, empregando morteiros de cal e area sen cementos e sempre remetidos e non visibles da parte externa do muro.

Toda a carpintería exterior terá a mesma solución en material e cor. Recomendase o emprego de madeira rematada en pinturas á auga tipo lasur en cores típicas do núcleo; de ser aluminio serán coplanares, de apertura abatible ou guillotina, sen particións nin imitacións historicistas en cor tradicional do núcleo, non sendo axeitada a cor gris escura proposta.

Agás a chimenea principal da vivenda (que poderá ter o mesmo tratamento da fachada) , as restantes serán de material metálico en acabado non brillante de pequena dimensión e deseño sinxelo, fuxindo de imitacións historicistas con outros materiais. Tentará reducir o seu número , centralas o máis posible e aproximalas ó cumio.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO-

1.- Visto o escrito presentado por dona Celia Calvo Castiñeiras solicitando acometida de auga na rúa Virxe do Portal 7, Ribadavia, no que prega se lle autorice a

correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 10-8-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL

1.- Visto o escrito presentado por don Domingo Lourido Puime solicitando acometida de auga en Rúa Mera Soto 12, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 9-8-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2- Visto o escrito presentado pola Cruz Vermella Española solicitando acometida de auga en Travesía do Ribeiro 3, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 9-8-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º,

apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito de dona María Portal Fidalgo Arena no que expón que “ ten enterrado o pai nun nicho en préstamo que ten que deixar libre (V.F.G 9-6-2000) desea trasladar restos a oco 2º nicho nº1 Dereita , Socalco 3º.

E solicita “ autorización traslado restos V.F.G (nicho préstamo) no cemiterio municipal a outro nicho (oco 2º no nicho nº1 dereita do socalco 3º)

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por dona Sara López Quintela , sobre fincas sitas en A Grova Nº 57,59,61 referencia catastral 000102800NG78D0001BD, 000500200NG78C0001ZR, 002500100NG78E0001DX, número de expediente **RIB/C/49/18**, 1695/2018. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 17.08.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre fincas sitas en A Grova Nº 57,59,61 referencia catastral 000102800NG78D0001BD, 000500200NG78C0001ZR, 002500100NG78E0001DX , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, portavoz de RBC, solicitando que a estrada OU-504 de titularidade municipal , á altura do IES Ribeiro, que o concello acometa o seu arranxo.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que xa ten sido realizado o solicitado.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, portavoz de RBC, solicitando:

Que desde o concello se proceda a recoller e poñer fin aos residuos e escombros dos vertedoiros ilegais.

Que desde o concello se poña fin e se proceda ao selado destes vertedoiros ilegais.

-Unha vez realizados os dous puntos anteriores, que desde o concello se faga labores de vixilancia e control destas zonas , para que non se volva a reproducir ditos vertedoiros ilegais.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que se está traballando en dita cuestión.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, portavoz de RBC, solicitando que “ desde o concello de Ribadavia se proceda a limpeza e desbroce de todos os camiños agrarios, comenzando e priorizando os principais camiños que son máis utilizados. Pedimos tamén que se arranxen os camiños que necesiten reparación..

A xunta de goberno acorda comunicarlle que xa se está realizando o solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil informando da recepción da solicitude do Expediente de autorización para instalación de céspede artificial no campo de fútbol de O Xestal, incluída a instalación de redes de servizos , equipamiento deportivo e barandilla perimetral , en zona de policía da marxe dereita do río Avia, no termo municipal de Ribadavia.

-Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sobre actuación que afecta ao contorno de protección dun ben incluído no catálogo do patrimonio cultural de Galicia, expediente 66-435, promotor Marcelino Martínez SL, asunto comunicación previa para a concesión de licenza municipal de actividade de canteira, en relación a concesión dos dereitos mineiros Man da Moura nº 4553.1 na que se resolve:

“ Tendo en conta que se trata dunha actuación de gran impacto sobre o territorio , previamente ao inicio dos traballos deberá realizarse unha prospección arqueolóxica intensiva nas áreas afectadas directamente pola explotación (canteira e vertedoiro).

Polo tanto, con carácter previo , a calquera remoción de terras, o promotor deberá presentar un proxecto arqueolóxico , asinado por técnico competente, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa autorización , de acordo co disposto no Decreto 199/97, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.”

A xunta de goberno local, en base aos principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas, consagrados no artigo 3.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, acorda dar traslado da Resolución a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Dirección Xeral de Enerxía e Minas e Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense.

-Notificación de Resolución de solicitude de subvención presentada ao abeiro da Orde de 15 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

-Resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral concedendo ao concello de Ribadavia unha subvención ao abeiro da Orde do 19 de xaneiro de 2018.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza urbán correspondente o exercicio de 2018, por importe total de 990.470,61 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 20 de Agosto e o 22 de Outubro de 2018, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de natureza rústica correspondente o exercicio de 2017, por importe total de 3.163,80 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 20 de Agosto e o 22 de Outubro de 2018, ámbolos dous inclusive.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de características especiais correspondente o exercicio de 2017, por importe total de 31.367,96 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 20 de Agosto e o 22 de Outubro de 2018, ámbolos dous inclusive.”

APROBACIÓN DE PROXECTO

Visto o proxecto de Instalación de Equipo de biomasa na sede da Policía Local de Ribadavia redactado polo Instalador autorizado en instalacións térmicas de edificios nº OU-00311, D Amando Martínez Feijoo.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2:” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística así como do planeamento en vigor”

Visto o informe da arquitecta municipal de data 17 de agosto de 2018.

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto de Instalación de Equipo de biomasa na sede da Policía Local de Ribadavia redactado polo Instalador autorizado en instalacións térmicas de edificios nº OU-00311, D Amando Martínez Feijoo, coa consideración de que a cheminea deberá ser de acero inoxidable mate ou presentará acabado pintado, sen brillos, coa finalidade de que presente a menor incidencia visual posible dada a Zona de Protección do Casco Antigo na que se sitúa.

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE INSTALACIÓN DE EQUIPO DE BIOMASA NA SEDE DA POLICIA LOCAL DE RIBADAVIA COFINANCIADA POLO INEGA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

Vista a documentación obrante no expediente, visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e en exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

Vista a Resolución de 19 de xuño de 2018 pola que se conceden subvencións ,en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER-Galicia 2014-2020 e incluídas na convocatoria efectuada mediante Resolución de 26 de decembro de 2017.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requirirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenvolvemento de esta lei.

118.3 No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

18.1 Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Únicamente poderán celebrarse contratos mixtos nas condicións establecidas no artigo 34.2 da presente lei.

O réxime xurídico da preparación e adjudicación dos contratos mixtos determinarase de conformidade co establecido neste artigo.

O presente trátase dun contrato mixto de obra e subministro, sendo a prestación principal a obra , por importe de 5.409 euros.

36.1 e 37.2 da LCSP os contratos menores non precisan para su perfección de formalización, non entanto , en ocasións como na presente, resulta convinte fixar determinadas condicións contractuais de forma expresa.

Visto o Informe 42/2017, de 2 de marzo de 2018 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado : “ A lei non contempla unha limitación á celebración de contratos menores cun mesmo operardor económico cando as prestacións obxecto dos mesmos sexan cualitativamente diferentes e non formen unha unidade . Por iso , fóra dos casos de alteración fraudulenta do obxecto do contrato sí é posible celebrar outros contratos menores co mesmo contratista, pero neste caso deberá xustificarse adecuadamente no expediente que non se dan as circunstancias prohibidas pola norma”

Considerando que a presente contratación mellora a eficiencia enerxética na sede da Policía Local e as condicións de traballo da Policía Local, tratándose , a maiores, dunha actuación subvencionada polo Instituto Enerxético de Galicia.

Considerando que o contratista non ten subscrito contratos menores do ambito material indicado co concello de Ribadavia , nesta anualidade orzamentaria, que individual ou conxuntamente superen o valor estimado de 40.000 euros.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Contratar con Instalaciones Amando SL a “ Instalación de equipo de biomasa na sede da Policía Local de Ribadavia “ , actuación subvencionada polo Instituto Enerxético de Galicia.

Visto o informe da arquitecta municipal “ a cheminea deberá ser de aceiro inoxidable mate ou presentará acabado pintado , sen brillos, coa finalidade de que presente a menor incidencia visual posible dada a Zona de Protección do Casco Antigo na que se sitúa.2

Durante a execución, o contratista deberá colocar un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3) no cal mencionará a axuda financeira da Unión Europea , na entrada do edificio, no modelo que consta na páxina web do Inega.

Ao remate da actuación debe aportar fotografías do equipo instalado, e un certificado firmado polo técnico instalador no que se indique a data de finalización da instalación subvencionada. En caso de que instalación requiera a inscrición no rexistro da consellería competente en materia de industria , debe aportar xustificante da solicitude de inscrición de instalación en dito rexistro ; en dito xustificante deberá figurar as características técnicas e o correspondente código de acceso a dito rexistro.

Dado que se trata dunha actuación subvencionada cunha data límite de execucion e xustificación , a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa no concello de Ribadavia será o 24 de setembro de 2018, outorgando ao cumprimento de dita data o carácter de obriga contractual esencial.

Aprobar o gasto por importe de 11.608,76 euros con cargo ao orzamento deste exercicio de 2018.

Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data de firma da Resolución.

Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor engadido.

Orde do 23 de xullo 2018 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018

A xunta de goberno acorda :

-Acollerse a orde do 23 de xullo de 2018 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio de 201.

- Aprobar a prórroga da contratación de u axente de emprego e desenvolvemento local.

Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo de 3 de agosto de 2018 pola que se regula a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

Vista a Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo de 3 de agosto de 2018 pola que se regula a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, publicada no DOGA número 156 de 17 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno local, por unanimidade , acorda:

-Solicitar a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e asumir o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

SUBVENCIONES PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES UNIVERSITARIOS

Examinadas as solicitudes presentadas e vistos os informes sociais da traballadora social e requisitos e baremo recollido nas bases das *subvencións para o transporte de estudantes universitarios para o ano 2018*, e facendo uso das atribucións que confiren as disposicións vixentes, a Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

A CONCESIÓN DA AXUDA OS SEGUINTES BENEFICIARIOS E CUANTÍAS:

Iria Fernández González : 150€

Paula González Alonso : 250€

Total 400.00€

Faise constar que o día 17 de agosto de 2018 nas dependencias municipais celebriase unha reunión para tratar o operativo de seguridade da Festa da Historia no que participan o alcalde, o tenente de alcalde, o tenente da Garda Civil, o xefe de protección Civil e o GES de Ribadavia.

A xunta de goberno local acorda sinalizar e prohibir a acampada en toda a área de A Veronza.

Tendose recibido moitas queixas dos veciños, a Xunta de goberno local acorda solicitar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que tome medidas para controlar a praga de xabaríns, que están causando numerosos danos en todos os viñedos do Ribeiro.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as dez horas e trinta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO

